

CTO. GALEGO DE SINCRONIZADA DE VERÁN (NIVEL)

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-37.

1- DATAS E SEDES.

O campionato Galego de Sincronizada de Nivel de Verán celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación sincronizada da presente tempada.

A participación, preinscrición, inscrición, composición musical, categoría e sorteo están establecidos na normativa xeral.

2- ORGANIZACIÓN.

O campionato celebrarase en 3 sesións (preferentemente, sábado mañá e tarde e domingo mañá) pero poderá variar en función do número de participantes.

O horario e o programa de competición establecerase unha vez coñecido o número de preinscricións.

3- FÓRMULA DA COMPETICIÓN.

Cada clube poderá participar nunha rutina libre (entre 4 e 8 nadadores), 1 rutina libre combinada "Combo" (máximo 10 nadadores), 2 solos e 2 dúos por categoría.

A duración das rutinas deberá cumprir os requisitos que establece o regulamento FINA (NSGE 6).

Os límites de tempo para os diferentes grupos de idade, incluídos os 10 segundos para a entrada fora da auga serán:

Categoría	solo	dúo	equipo	"combo"
Alevín	2,00	2,30	3,00	3,30
Infantil	2,30	3,00	3,30	4,00
Júnior-Absoluta	3,00	3,30	4,00	4,30

Haberá unha marxe de permisividade de 15 segundos de máis ou menos sobre o total do tempo.

4- CLASIFICACIÓN.

Haberá unha clasificación por modalidade e categoría.

Nos equipos, dúos e solos a puntuación obterase do 50% da media da Liga de figuras (Cálculo das notas 50% de cada figura ente o número de figuras reflectidas nas follas de inscrición) + 50% da rutina libre.

Na Rutina Libre Combinada "Combo" será final directa coa puntuación do 100%.

5- ENTREGA DE PREMIOS.

Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados de cada modalidade, solo, duo, Rutina libre e Rutina libre combinada "Combo" de cada categoría.

Neste campionato farase tamén entrega de:

- As medallas das 3 primeiras clasificadas na Liga Galega de Figuras.
- O trofeo da Copa Galega de Natación Sincronizada ó mellor clube Galego de Nivel da tempada.

Que resolverán:

NIVEL - A suma das puntuación dos 5 mellores clasificados en figuras + o mellor solo + o mellor dúo + a mellor rutina libre + a mellor rutina libre combinada "combo" de inverno e verán. Todo elo de cada clube e categoría.

Todo o non disposto ou contemplado nesta normativa axustarase á "Normativa Xeral de Natación Sincronizada".

A Coruña, 27 de setembro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN